

## ÍNDICE

<b>Sección</b>	<b>Páxina</b>
Presentación e xustificación da Programación Didáctica	3
1. Marco lexislativo	4
2. Contextualización: características do centro educativo	6
3. Xustificación da materia no currículo	8
4. A materia de latín e o seu papel no desenvolvemento das competencias clave	9
5. Obxectivos	12
6. Metodoloxía, actividades, recursos e temporalización	
6.1. Metodoloxía didáctica	15
6.2. Espazos, materiais e recursos didácticos	17
6.3. Actividades	19
6.4. Temporalización	21
7. Unidades didácticas	23
8. Procedementos, criterios e instrumentos de cualificación	44
8.1. Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación	44
8.2. Procedementos e instrumentos de avaliación	46
8.3. Criterios de cualificación	48
9. Medidas de atención á diversidade e ao ACNEAE e NEE	50
10. Plan lector	53
11. Elementos transversais	54
12. Actividades curriculares complementarias e extraescolares	57
13. Avaliación da programación	58

<b>Sección</b>	<b>Página</b>
Conclusiones	59
Bibliografía citada e de referencia básica	60

## **Presentación e xustificación da Programación Didáctica**

A LOMCE, Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, segue a liña marcada pola LOE (Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación) á hora de incorporar as competencias clave ao currículo como un elemento de suma importancia. Trátase de superar os enfoques baseados na simple adquisición de contidos, de xeito que dende un punto de vista pedagóxico e organizativo, os deseños curriculares por competencias supoñen un proceso de conversión dos antigos procesos de ensinanza-aprendizaxe, centrados na transmisión de contidos, en procesos renovados nos que adquire un papel fundamental a actividade que desenvolve o estudante. Por iso, a Programación Didáctica, en tanto que constitúe un documento pedagóxico básico para o proceso de ensinanza, debe priorizar as aprendizaxes e a selección de experiencias integradoras que preparen o alumno para a vida en relación coas competencias establecidas, o cal implica poñer en funcionamento prácticas pedagóxicas que se centren na adquisición de ditas competencias, con metodoloxías axeitadas e cunha nova orientación das actuacións dentro da aula e do xeito de avaliar o alumnado: a avaliación non ha de limitarse á comprobación dos contidos aprendidos, senón que se deberá valorar o grao de adquisición de competencias dunha forma organizada e programada.

A programación anual dunha materia é un documento pedagóxico que lle permite ao docente organizar e estruturar o seu traballo ao longo de todo o curso académico, dacordo co establecido nas leis de educación. Non se trata dun documento teórico, senón práctico, que permite a organización da actividade docente e que debe poder adaptarse a situacións sobrevidas – como as xeradas no contexto da pandemia por COVID-19, por exemplo –.

## 1. Marco legislativo

A normativa aplicable que debemos ter en conta á hora de realizar a Programación Didáctica dunha materia é a seguinte:

- Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (LOE), naqueles aspectos non derogados pola LOMCE.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- Ley Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato.
- Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato.
- Decreto 86/2015 do 25 de xuño polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Resolución do 20 de xullo de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2017/18 para a implantación do currículo da Educación

Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Orde do 25 de xuño de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2010/21 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia
- Resolución do 1 de setembro de 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se establece a incorporación gradual do alumnado para o curso 2020/21

## **2. Contextualización: características do centro educativo**

O IES Manuel García Barros é un centro de ensino público localizado na Estrada, na Rúa da Cultura, s/n, moi preto dos outros dous centros de ensinanza secundaria públicos que hai no concello, o IES Nº1 e o IES Antón Losada Diéguez.

No IES Manuel García Barros impártense todos os niveis de Ensino Secundario Obrigatorio, cun grupo en 3º de ESO integrado no Programa de Mellora da Aprendizaxe e Rendemento (PMAR), e tamén o Bacharelato nas tres modalidades: Ciencias e Tecnoloxía, Humanidades e Ciencias Sociais, e Artes co seu dobre itinerario, isto é, Artes Plásticas, Deseño e Imaxe, e Artes Escénicas, Música e Danza.

A historia do IES Manuel García Barros remóntase ao ano 1967, cando naceu como Instituto Nacional de Enseñanza Media Mixto de La Estrada. No ano 1983 foi inaugurado o edificio na súa localización actual, e tomou o seu nome en honor ao escritor estradense Manuel García Barros, antigo mestre de Berres. Polo que respecta ás instalacións do centro, constan de dous grandes módulos unidos por unha escaleira central, uns pórticos, un ximnasio e pistas deportivas, sumando en total unha superficie pechada de 1,02 hectáreas. O instituto conta cun centro de ensino primario adscrito, o CEIP Pérez Viondi, pero recibe alumnos de toda a comarca.

No seu proxecto educativo, o IES Manuel García Barros maniféstase aconfesional e pluralista, buscando o respecto ás distintas relixións practicadas por todos e cada un dos membros que conforman a comunidade educativa. Asemade, declárase como favorecedor da normalización lingüística do galego e promove a súa máxima implantación como lingua vehicular do centro, garantindo en todo momento o dominio oral e escrito de galego e castelán, tal e como se esixe por lei.

As liñas fundamentais de actuación do centro baséanse no respecto mutuo, o diálogo, a reflexión, a colaboración e a solidariedade, rexeitando abertamente todo tipo de discriminación cara calquera membro da comunidade. Pretende así constituírse nun espazo de convivencia e formación da mocidade do entorno, dentro dun ambiente pluralista que promova a participación, a tolerancia, a solidariedade e o desenvolvemento intelectual, integrando ditos elementos nunha visión crítica e racional da cultura, a sociedade e a ciencia contemporáneas.

Polo que respecta ao alumnado, o centro conta actualmente cuns 450 estudantes pertencentes, na súa maioría, a familias de clase media residentes no núcleo urbano do concello. Na comunidade educativa intégranse distintas culturas e relixións que en todo momento se respectan dende a dinámica do centro.

### 3. Xustificación da materia no currículo

O sistema educativo actual caracterízase polo seu enfoque plural e integrador á hora de abordar o plurilingüismo e a interculturalidade. Un estudo integrado de todas as linguas ten unha dobre vantaxe, xa que poden identificarse contidos e estratexias comúns que faciliten a aprendizaxe, e tamén se pode facer fincapé nos elementos diferenciadores de cada unha delas. Concretamente, o estudo do latín e do grego proporciona unha importante base para perfeccionar o manexo das demais linguas, facilita a comprensión do léxico culto da terminoloxía científico-técnica actual e abre as portas ao enriquecemento cultural que supón o coñecemento de todos os aspectos da civilización clásica, como a mitoloxía, a relixión, a arte e a literatura antigas. Por iso, a incorporación do latín e o grego ao currículo integrado das linguas é esencial, tanto para reforzar a reflexión e aprendizaxe lingüística como para posibilitar un maior achegamento á cultura en xeral.

En 1º de Bacharelato perséguese un coñecemento máis profundo da lingua latina que o que se pretende conseguir na mesma materia de 4º de ESO, tanto a un nivel morfosintáctico como léxico, de xeito que o alumno comprenda que as linguas romances son o resultado dunha evolución e que existen entre elas paralelismos que poden facilitar o seu estudo. Do mesmo xeito, vaise adquirindo un coñecemento máis amplo de diversos aspectos que conforman a civilización latina – estruturas sociopolíticas, vida cotiá, manifestacións culturais e artísticas, enxeñaría, urbanismo, mitoloxía, relixión, educación – e que resultan imprescindibles para comprender a cultura europea contemporánea.



#### **4. A materia de latín e o seu papel no desenvolvemento das competencias clave**

O Art. 2.2 do Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato, dentro do marco normativo da LOMCE, recolle as competencias clave que o alumnado debe traballar nesta etapa educativa. A adquisición destas competencias constitúe un dos fins últimos da educación, xunto aos obxectivos de cada etapa, e dacordo con isto debe levarse a cabo a programación de cada materia. A información sobre as competencias clave no sistema educativo español recóllese, á súa vez, no Anexo I da Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da Educación Primaria, a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. As competencias non deben programarse por separado, senón que se realiza unha programación da materia por competencias, cunha total implicación de contidos e adquisición de habilidades. No Anexo II pode verse o perfil competencial resultante da planificación de unidades didácticas para Latín I.

##### **Competencia en comunicación lingüística (CCL)**

Implica coñecementos lingüísticos, pero tamén aprendizaxe relacionada coa práctica do discurso e con cuestións socioculturais, incluíndo todo tipo de comunicación oral, escrita ou audiovisual. Esta competencia será a que máis se traballe na materia de Latín, xa que o estudo da lingua latina permitirá un maior coñecemento e dominio das linguas propias, e axudará a que o estudante adquira habilidades comunicativas.

##### **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

Concrétanse na capacidade de aplicar o razoamento matemático para describir e interpretar diversos fenómenos nun contexto social, persoal, profesional ou científico; son, en última instancia, competencias enfocadas ao desenvolvemento do pensamento científico, que contribúen a que o estudante adquira a capacidade de xuízo crítico. O estudo da cultura latina permite ao alumno entrar en contacto con novos sistemas de numeración, pesos, medidas ou lonxitudes, e ao mesmo tempo tamén lle fai tomar conciencia da historia dos coñecementos e descubrimentos de orixe romana que fixeron posible o avance da ciencia e a tecnoloxía actuais.

### **Competencia dixital (CD)**

Diríxese á integración das novas tecnoloxías en todos os ámbitos da vida, promovendo un uso creativo, crítico e seguro das mesmas. Nas clases de latín será moi útil o uso de internet e de distintos dispositivos informáticos, como tablets, ordenadores ou incluso o teléfono móbil, para apoiar o proceso de ensinanza e aprendizaxe.

### **Competencia de aprender a aprender (CAA)**

Resulta esencial para o desenvolvemento dunha aprendizaxe permanente, en todos os contextos. Inclúe dende a motivación para aprender até o control dos procesos de aprendizaxe mediante estratexias de planificación, supervisión e avaliación. O estudo do latín e a tradución de textos antigos requiren unha gran cantidade de traballo autónomo e disciplina por parte do alumno, que deste xeito exercita tanto a actividade intelectual como a memoria ou a lóxica.

### **Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Implican habilidade e capacidade para interactuar con outras persoas a partir dunha concepción plural da sociedade, cunhas normas claras baseadas no respecto mutuo

e nos valores democráticos. O estudo da civilización romana permitirá ao alumno coñecer os aspectos políticos, sociais e relixiosos do mundo antigo e comparalos coa situación actual, afondando na comprensión e reflexión sobre conceptos básicos coma os de democracia, igualdade ou cidadanía, e favorecendo o desenvolvemento do xuízo crítico sobre o mundo actual.

### **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)**

Competencia dirixida ao cumprimento de obxectivos e metas en todos os ámbitos; implica múltiples capacidades, como planificación, análise, liderado, pensamento crítico ou sentido da responsabilidade. Na materia de latín, esta competencia pode desenvolverse propoñendo ao alumnado tarefas en grupo, de xeito que todos os estudantes deban aprender a traballar en equipo respectándose mutuamente.

### **Competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC)**

Implica comprender, valorar e apreciar con espírito crítico e de xeito respetuoso as distintas manifestacións culturais e artísticas presentes no mundo. O estudo da literatura latina e dos demais contidos relacionados coas manifestacións artísticas, o urbanismo e a expansión da civilización romana a novos territorios, servirá para que os alumnos tomen conciencia destes elementos como patrimonio que hai que coñecer e conservar.

## 5. Obxectivos

O Decreto 86/2015 do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia, recolle no seu Artigo 26 uns obxectivos que todo estudante de Bacharelato debe acadar mediante a súa formación nesta etapa educativa, polo que deberán ser traballados tamén na materia de Latín I:

- a) Desenvolver a capacidade para exercer a cidadanía democrática, dende unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

Ademais de traballar nestes obxectivos xerais, perseguiremos uns obxectivos máis específicos para a materia de Latín I:

- 1) Iniciarse na lectura, interpretación e tradución de textos latinos de dificultade adaptada e progresiva, poñendo en práctica os coñecementos adquiridos sobre morfoloxía, sintaxe e léxico do latín.
- 2) Ser quen de recoñecer nas linguas derivadas do latín os seus compoñentes máis significativos poñéndoos en relación coa flexión pronominal, nominal e verbal latina, especialmente no caso do galego e o castelán.
- 3) Recoñecer o presente como un resultado do pasado, identificando elementos antigos que teñen continuidade no presente.
- 4) Achegarse aos conceptos de diversidade cultural e igualdade interpretando o legado da cultura latina nos ámbitos cultural, xeográfico e lingüístico.
- 5) Comprender a importancia da lingua latina como elemento transmisor de cultura.
- 6) Investigar sobre diversos aspectos de civilización e cultura romanas, reflexionar de xeito crítico sobre eles e ser quen de seguir a súa traxectoria e transmisión ao longo dos séculos.
- 7) Comprender a importancia do mundo romano para a conformación da cultura europea, pola súa capacidade integradora de diversas correntes de pensamento e influencias artísticas.

## 6. Metodoloxía, actividades, recursos e temporalización

### 6.1. Metodoloxía didáctica

O currículo de Latín I está recollido no Decreto 86/2015 cos contidos, obxectivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave asociados. A partir desta base desenvolveremos as quince unidades didácticas que traballaremos durante o curso, contando con 4 sesións semanais da materia.

A metodoloxía didáctica que empregaremos será variada, adaptada a cada momento, grupo de alumnos e actividade concreta, mais teremos sempre en mente un concepto de aprendizaxe de tipo construtivista seguindo a **teoría da asimilación** de Ausubel (1998), segundo a cal o proceso de aprendizaxe implica que o individuo adquire coñecementos integrando novos conceptos na súa propia estrutura cognitiva. Dita estrutura está conformada polas ideas, imaxes, conceptos e experiencias que o suxeito posúe previamente. Por iso, prestaremos especial atención aos coñecementos que os alumnos posúen sobre un tema antes de abordar a súa explicación, xa que deste xeito poderemos cubrir mellor todas as carencias que conducirían a un fracaso da aprendizaxe.

Ao mesmo tempo, desenvolveremos as ideas recollidas por Bruner (1972) na súa **teoría da aprendizaxe por descubrimento**, que vai un pouco máis alá e sitúa o alumno no centro do proceso de ensinanza-aprendizaxe. Trátase de que o docente estimule a motivación do alumno, que mediante as súas propias investigacións e os seus esforzos por ir resolvendo problemas será quen de relacionar conceptos e atopar e assimilar os novos coñecementos que incorporará á súa aprendizaxe previa. Isto implica que non nos limitaremos a expoñer na aula conceptos teóricos que o alumno deberá assimilar, senón que promoveremos a aprendizaxe autónoma dos estudantes,

converténdonos en guías e proporcionándolles recursos e materiais a partir dos cales eles mesmos poidan investigar e reflexionar para obter coñecementos.

Partindo destas dúas ideas básicas – indagar nos coñecementos previos dos alumnos e promover a aprendizaxe por descubrimento – fomentárase na aula a **aprendizaxe colaborativa**. Tendo en conta a diversidade dos estudantes no que se refire a ritmos de aprendizaxe e tipos de intelixencias (Gardner, 1995) será moi beneficioso promover que os alumnos se axuden entre eles, directa e indirectamente, expoñendo na aula os problemas que vaian xurdindo e tamén as posibles solucións, de xeito que entre todos constrúan novos coñecementos. Este método será especialmente importante no traballo de tradución, pois serán os propios estudantes os que propoñan solucións alternativas para os problemas de interpretación que vaian xurdindo, en vez de ser o docente quen proporcione unha resposta rápida e única. Potenciarase ademais deste xeito o concepto do **erro didáctico**, isto é, converter o erro nun elemento construtivo, didáctico e creativo en vez de sinalalo como algo negativo; noutras palabras, en vez de penalizar os erros traballaremos para que os alumnos vexan neles unha oportunidade de aprendizaxe, unha ocasión para mellorar.

A diario traballaremos para crear un clima comfortable na aula, fomentando unha **comunicación** fluída cos alumnos para poder lograr unha metodoloxía activa e baseada nos preceptos que enunciámos antes. Os estudantes coñecerán as unidades e bloques de contido, así como o método co que se van traballar e os obxectivos e criterios de avaliación que se van empregar.

Combinaremos **estratexias expositivas e indagatorias**, buscando sempre estimular a motivación e o interese dos alumnos na materia. Utilizaremos as **TICs** tanto na presentación da información como no traballo coa aula virtual, e botaremos man da



**gamificación** para asentar contidos e aprendizaxes. Asemade, manteremos unha comunicación fluída cos docentes das demais materias, relacionando tamén contidos doutras disciplinas a prol dun concepto integrador da educación.

Aplicaremos, en definitiva, o **criterio de flexibilidade**, atendendo ao ritmo de aprendizaxe para introducir os cambios que sexan oportunos, pero mantendo sempre as premisas que enunciámos até o momento.

## **6.2. Espazos, materiais e recursos didácticos**

A aula de latín, situada no segundo andar do centro, será o espazo no que pasemos a maior parte do curso; conta con ordenador e cañón de proxección, o cal facilita o traballo coas TIC. Nalgunhas ocasións, tal e como se recolle na previsión das Unidades didácticas, faremos uso da aula de informática para traballar cos ordenadores de xeito guiado. Tamén visitaremos a biblioteca para consultar libros de lectura e obras de referencia.

Polo que se refire aos recursos materiais e aos instrumentos que usaremos no día a día, buscamos a maior funcionalidade posible e que se conviryan en elementos facilitadores da aprendizaxe.

Posto que non imos utilizar libro de texto, traballaremos fundamentalmente con fotocopias e proxeccións de PowerPoint, promovendo que os alumnos realicen os seus propios apuntamentos. Ademais, levaremos un diario de aula coa axuda da aplicación Evernote; grazas a un caderno creado con esta ferramenta, os alumnos saberán en todo momento que contidos e tarefas se traballaron en cada sesión e coñecerán cada venres a previsión para a próxima semana. Este diario de aula permite que cando un alumno falta á clase saiba que se traballou ese día e que tarefas quedan previstas para as seguintes sesións, de xeito que pode reincorporarse con

maior facilidade á dinámica da aula e tamén comentar co docente as dúbidas que lle poidan xurdir sobre a tradución ou os contidos que se traballaron durante a súa ausencia. Este aspecto resulta especialmente importante no contexto actual de pandemia, xa que pode darse a situación de que algún alumno deba gardar corentena durante o curso. Ademais, a aplicación Evernote permite a creación de notas nas que podemos compartir recursos web, ferramentas de traballo, novas de actualidade sobre o mundo clásico, etc.

Por outra parte, os alumnos teñen unha conta de correo corporativa do centro, mediante a cal poden acceder ao seu correo electrónico e tamén a carpetas compartidas de Drive nas que recolleremos presentacións e información variadas, e ás que os estudantes subirán determinados traballos que aparecen recollidos nas unidades didácticas co recurso de PortFolio. Tamén utilizaremos a aula virtual na plataforma Moodle do centro, tanto para compartir materiais como para realizar cuestionarios e tarefas.

Aparte dos ordenadores, utilizaremos o teléfono móbil para realizar actividades de gamificación mediante aplicacións como Kahoot ou Quizlet, tal e como describiremos na sección dedicada ás tarefas. Para realizar estes xogos non será necesario que todos os alumnos conten con teléfono móbil, posto que formaremos grupos, e atenderemos en todo caso a que non xurda ningunha situación de desigualdade ou discriminación por motivos materiais.

Debido a que traballaremos a diario con textos para traducir, faremos uso de dicionarios de latín. Non será necesario que os alumnos traian os seus propios dicionarios da casa, xa que na propia aula contamos cunha pequena biblioteca na que hai exemplares abondo. Polo demais, bastará con que acudan a clase con lapis,

goma, bolígrafo e o soporte en papel que prefiran – folios soltos, cadernos raiados, de cadros, con diversa encadernación, etc. –.

Na clase imos utilizar textos latinos adaptados de distintos autores e tamén frases soltas para practicar cuestións concretas de lingua, pero sobre todo traballaremos co volume *Familia Romana* integrado no método *Lingua Latina per se illustrata* (LLPSI a partir de agora), desenvolvido por Hans H. Ørberg, co que se pretende facilitar a aprendizaxe progresiva do latín ao mesmo tempo que se introducen cuestións relativas á vida cotiá dos antigos romanos. Para facilitar o traballo en clase proxectaremos o texto que esteamos a ver en cada momento, e os alumnos e alumnas procederán á súa lectura e interpretación en alto, de xeito que sexa posible levar a cabo unha aprendizaxe colaborativa.

### 6.3. Actividades

Ao tratarse Latín I dunha materia na que se require o desenvolvemento da comprensión dunha lingua, o traballo con tradución de textos será diario. A maiores, contaremos en cada unidade didáctica con distintos tipos de tarefas que perseguirán finalidades variadas.

Ao comezo das unidades didácticas contaremos con **tarefas motivadoras** que partirán do propio título, no que se recolle unha frase en latín que está relacionada con algún aspecto concreto que se vai explicar. Estas tarefas motivadoras non só buscan estimular a curiosidade dos alumnos e alumnas, senón que tamén nos permitirán **introducir** os contidos e obxectivos e **avaliar o coñecemento previo** dos alumnos sobre o tema. Grazas a este procedemento, poderemos enfocar mellor o traballo do resto da unidade.

A **exposición de contidos** por parte do docente farase con apoio de materiais impresos ou de presentacións multimedia, buscando sempre a maior claridade posible e dotando os alumnos de recursos que poidan utilizar logo no seu traballo individual. A partir dos contidos expostos, os estudantes deberán realizar distintos tipos de tarefas para **consolidar coñecementos**, segundo a unidade concreta na que se traballe:

- Tarefas individuais de tipo variado: relacionar, completar, razoar, elaborar eixes cronolóxicos, etc.
- Traballos en grupo que inclúan busca guiada de información e exposición en clase
- Realización de fichas de lectura
- Comentario de textos
- Comentario de material audiovisual
- Participación en debates
- Tarefas complementarias con gamificación, que perseguen consolidación de contidos: tarxetas de vocabulario con Quizlet, repaso de contidos con Kahoot
- Lectura e tradución individual de textos de dificultade adaptada

Realizaranse tamén durante o curso algúns **proxectos transversais** relacionados con temas concretos ou con datas sinaladas, como por exemplo o día da muller, en que falaremos de mulleres destacadas da antiga Roma, e que marcaremos na nosa planificación como **actividades complementarias** que pretenden a profundización en determinados aspectos.

Finalmente, realizaranse **tarefas de avaliación** variadas que describiremos con profundidade no apartado correspondente da Programación.

No Anexo V poden consultarse exemplos concretos dos distintos tipos de actividades proxectadas.

#### 6.4. Temporalización

Antes de expoñer a temporalización para as unidades didácticas de Latín I, cómpre ter en conta que pode darse a situación de que algún alumno non teña cursado latín en 4º ESO. En 1º de Bacharelato volve verse o temario completo de latín de 4º, pero a un ritmo máis rápido. No caso de que contemos con alumnos que non teñan cursado latín en 4º, propoñeremos para eles un reforzo traballando de xeito personalizado unha escolma dos doce primeiros capítulos do *Lingua latina per se illustrata*.

Ofrecemos a continuación unha temporalización das distintas unidades, co reconto de sesións totais de cada unha delas e a avaliación na que se enmarcan. No Anexo III pode consultarse esta temporalización sobre o calendario do curso 2020-2021.

UNIDADE	TÍTULO	Nº DE SESIÓNS	AVALIACIÓN
1	Audaces fortuna iuvat	9	1ª
2	Veni, vidi, vici	9	1ª
3	Ab Urbe condita	9	1ª
4	Nosce te ipsum	10	1ª
5	Sit tibi terra levis	8	1ª
6	Io, Saturnalia!	9	1ª
7	Alea iacta est	10	2ª
8	Roma traditoribus non praemiat	10	2ª
9	Berotula automataria	10	2ª
10	Tandem venit amor...	10	2ª
11	Ubi solitudinem faciunt, pacem appellant	8	3ª
12	Panem et circenses	8	3ª

13	Ars longa, vita brevis	9	3 <sup>a</sup>
14	Si vis pacem para bellum	9	3 <sup>a</sup>
15	O tempora, o mores!	9	3 <sup>a</sup>

## 7. Unidades didácticas

Todas as unidades didácticas que proxectamos teñen en común o seu modo de iniciarse: un título en latín a partir do que intentaremos atraer a atención do alumnado para poder introducir a materia de xeito progresivo e atractivo.

As tres primeiras unidades, no que a lingua latina se refire, concíbense como unha introdución e/ou repaso de morfoloxía e sintaxe. Trátase de proporcionar aos alumnos e alumnas unha base sólida sobre a que traballar cos textos adaptados que iremos vendo no resto do curso. A partir da UD 4 temos proxectado un capítulo do LLPSI para cada unidade, pero esta é unha programación aberta, que pode variar en función do ritmo que o grupo en concreto precise. En todo caso, o aconsellable sería conseguir traballar estes capítulos proxectados como mínimo.

A continuación recóllense para cada unidade didáctica dúas táboas. Na primeira aparece a relación entre obxectivos, competencias clave, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, instrumentos de avaliación e elementos transversais. Na segunda amósanse as tarefas, recursos didácticos e número de sesións asociados a cada unidade. Por motivos de espazo recolleemos só as referencias numéricas correspondentes cos elementos do currículo expresados no Decreto 86/2015, mais poden consultarse as táboas ampliadas no Anexo IV. Ademais, no Anexo I recóllense todas as abreviaturas que utilizamos.

Para visualizar de xeito máis sinxelo os bloques que traballaremos en cada unidade, imos utilizar o seguinte código de cores:

Bloque 1. O latín, orixe das linguas romances

Bloque 2. Sistema da lingua latina: elementos básicos

Bloque 3. Morfoloxía

Bloque 4. Sintaxe

Bloque 5. Roma: historia, cultura, arte e civilización

Bloque 6. Textos

Bloque 7. Léxico

### UNIDADE DIDÁCTICA 1. AUDACES FORTUNA IUVAT (1ª avaliación)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
l, p	CMCCT CCEC CSC	B1.1.	B1.1.	LA1B1.1.1.	SI	Tind	CL EOE	5
g	CD CCEC	B2.1.	B2.1.	LAT1B2.1.1.	SI	PE	CL EOE TIC	5
g	CAA CMCCT	B2.2.	B2.2.	LAT1B2.2.1.	SI	PE	EOE TIC	5
	CSC CCL CCEC		B2.3.	LAT1B2.3.1.	SI	PE	EOE EC CL TIC	5
e	CCL	B2.3.	B2.4.	LAT1B2.4.1.	SI	TAula	CL EOE	5
d	CMCCT CCL	B3.1.	B3.1.	LA1B3.1.1.	SI	Tind	EOE	10
g	CAA CCL	B3.2.	B3.2.	LA1B3.2.1.	SI	Tind	CL EOE	10
i, l	CAA CCL CD	B3.3.	B3.3.	LA1B3.3.1.	SI	Tind	CL EOE	10
g, d	CCL	B3.4.	B3.4.	LA1B3.4.1.	SI	TInd (0,4)+ PE (0,6)	EOE CL	10
	CCL			LA1B3.4.2.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	EOE	15
d, g	CAA CCL	B3.5.	B3.5.	LA1B3.5.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE	10
	CCL			LA1B3.5.2.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL	10



Tarefas	Recursos	Sesi3ns
Expl – 3mbito de expansi3n da lingua latina	Presentaci3n	0,5
TInd – Mapa sobre o marco xeogr3fico da lingua latina	Caderno	
Expl – Orixe da escritura, sistemas de escritura	Presentaci3n	1,25
Expl – Orixe e evoluci3n do alfabeto latino	Presentaci3n	
Expl – Tipos de pronuncia do lat3n	Presentaci3n	0,5
TAula – Pronuncia do lat3n	Participaci3n na aula	
PE – Cuestionario de avaliaci3n inicial de coñecementos morfosint3cticos	Proba escrita sen peso na nota final	1,5
Expl – Formantes das palabras	Presentaci3n	
Expl – Palabras variables e invariables	Presentaci3n	
Expl – Concepto de declinaci3n e conxugaci3n	Presentaci3n	
TInd – Exercicios sobre elementos flexivos da lingua	Caderno	1
TInd – Exercicios sobre flexi3n nominal, pronominal e verbal	Caderno	2,25
PE – Cuestionario sobre orixes da escritura, sistemas de escritura, orixe e evoluci3n do alfabeto latino	Aula virtual	1
PE – Flexi3n nominal, pronominal e verbal	Proba escrita	1

## UNIDADE DID3CTICA 2. VENI, VIDI, VICI (1ª avaliaci3n)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	M3n.	Instr.	ET	%
g	CD CAA	B1.2.	B1.2.	LA1B1.2.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	EOE TIC	5
n	CSC CCEC		B1.3.	LA1B1.3.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE EC TIC	10
d, g	CCL	B3.5.	B3.5.	LA1B3.5.3.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	EOE	10

l, d	CAA CCL		B3.6.	LA1B3.6.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE	5
	CD CCL			LA1B3.6.2.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	EOE	5
e, d, p	CCL CAA		B3.8.	LA1B3.8.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE	5
i	CMCCT CCL	B4.1.	B4.1.	LA1B4.1.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE	20
e	CAA CCL	B4.2.	B4.2.	LA1B4.2.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	EOE	20
g	CCL	B4.3.	B4.3.	LA1B4.3.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE	10
d	CMCCT CCL	B4.4.	B4.4.	LA1B4.4.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	EOE CL	10

Tarefas	Recursos	Sesi3ns
Expl – O indoeuropeo. Linguas indoeuropeas e familias lingüísticas	Presentación	1
TInd – Mapa de linguas indoeuropeas	Caderno	
Expl – Flexión verbal: voz activa e pasiva, temas de presente e perfecto	Presentación	6
Expl – Sintaxe básica e oración simple	Presentación	
TInd – Exercicios de morfosintaxe	Caderno	
PE – Sintaxe básica e oración simple	Proba escrita	1
PE – Cuestionario sobre o indoeuropeo	Aula virtual	1

### UNIDADE DIDÁCTICA 3. AB URBE CONDITA (1ª avaliación)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
g	CAA CCL	B3.5.	B3.7.	LA1B3.7.1	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE	10
e, d, p	CCL CAA		B3.8.	LA1B3.8.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE	10
g	CAA CCL	B4.5.	B4.5.	LA1B4.5.1	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE	20
e	CAA CCL	B4.6.	B4.6.	LA1B4.6.1	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE	10
e	CCL		B4.7.	LA1B4.7.1	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE	15

a, i, l, g, p	CCEC CCL CSC	B5.1.	B5.1.	LA1B5.1.1	SI	PE	CL EOE TIC	5
	CSC CSIEE CCEC			LA1B5.1.2.	SI	PE	CL EOE TIC	5
	CAA CSC			LA1B5.1.3	SI	PE	CL EOE TIC	5
	CD CMCCT			LA1B5.1.4	SI	TInd (0,7) + PE (0,3)	CL EOE TIC	5
	CSC CSIEE CL			LA1B5.1.5	SI	PE	EOE TIC EC	5
a, c	CSIEE CSC	B5.3.	B5.4.	LA1B5.4.1.	SI	PE	EOE EC TIC	5
	CSIEE CD CSC CCL			LA1B5.4.2.	SI	PE	CL EOE EC TIC	5

Tarefas	Recursos	Sesi3ns
Expl – Orixes de Roma e monarquía	Presentaci3n	3
TInd – Mapa conceptual sobre orixes de Roma e monarquía	Formato papel ou dixital	
TCompl – Kahoot para repaso	Kahoot	
Expl – Formas persoais e non persoais do verbo	Presentaci3n	4
Expl – Oraci3n composta. Construci3ns de infinitivo e participio.	Presentaci3n	
TInd – Exercicios de morfosintaxe	Caderno	
PE – Cuestionario sobre as orixes de Roma e a monarquía	Aula virtual	1
PE – Proba de morfosintaxe	Proba escrita	1

**UNIDADE DIDÁCTICA 4. NOSCE TE IPSUM (1ª avaliación)**

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
n	CCEC CD	B5.4.	B5.5.	LA1B5.5.1.	SI	TGr (0,6) + PE (0,4)	CL EOE EC TIC	15
	CCEC CD CCL			LA1B5.5.2.	SI	TGr (0,6) + PE (0,4)	CL EOE EC TIC	15
n, h, p	CCEC CCL CSC CSIEE		B5.6.	LA1B5.6.1.	SI	TAula (0,7) + PE (0,3)	CL EOE EC PVIX TIC	5
	CAA CCEC CCL			LA1B5.6.2.	SI	TAula (0,7) + PE (0,3)	CL EOE EC PVIX TIC	5
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.		LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	CMCCT CCL			LA1B6.4.2	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesiões
TGr – Presentacións sobre os principais deuses, semideuses e heroes da mitoloxía grecolatina	Presentación por parte dos alumnos	5,5
TAula – Reflexións sobre a figura do heroe na nosa cultura, influencia da tradición clásica e comparación con outras culturas	Presentación de exemplos e debate	0,5
TAula – Capítulo XIII LLPSI	Texto latino	2
TInd – Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	-
PE – Cuestionario sobre mitoloxía	Aula virtual	1
PE – Proba de tradución	Proba escrita	1

### UNIDADE DIDÁCTICA 5. SIT TIBI TERRA LEVIS (1ª avaliación)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
a, c	CSIEE CD CSC CCL	B5.3.	B5.4.	LA1B5.4.2.	NON	TInd (lectura)	CL EOE TIC EC	20
n	CSC CMCCT CCL CCEC	B5.4.	B5.7.	LA1B5.7.1.	SI	TInd (0,4) + PE (0,6)	CL EOE TIC EC	20
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.		LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	CMCCT CCL			LA1B6.4.2	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5

	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesi3ns
Expl – Relixi3n oficial e culto privado. Ritos funerarios	Presentaci3n	3
Tcompl – Kahoot sobre relixi3n oficial, culto privado e ritos funerarios	Kahoot	
TAula – Capítulo XIV LLPSI	Texto latino	4
TInd – Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	-
PE – Cuestionario sobre relixi3n e ritos funerarios	Aula virtual	1
TInd – Lectura novela hist3rica	PortFolio	-

### UNIDADE DIDÁCTICA 6. IO, SATURNALIA! (1ª avaliación)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
n, p	CSC CCEC	B1.3.	B1.4.	LA1B1.4.1.	SI	TInd	CL EOE EC	10
a, i, l, g, p	CCEC CCL CSC	B5.1.	B5.1.	LA1B5.1.1.	SI	PE	CL EOE EC TIC	5
a, c	CSIEE CSC	B5.3.	B5.4.	LA1B5.4.1.	SI	PE	EOE EC TIC	10
	CSIEE CD CSC CCL			LA1B5.4.2.	SI	PE	CL EOE EC TIC	15
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15

d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.	B6.4.	LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	CMCCT CCL			LA1B6.4.2	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesi3ns
Expl – Linguas de Espa3a: linguas romances e non romances	Presentaci3n	0,5
TInd – Localizaci3n nun mapa de Espa3a das zonas nas que se falan as distintas linguas	Caderno	
TInd – Localizaci3n xeogr3fica das linguas romances faladas no mundo	Caderno	
Expl – A rep3blica I. Clases sociais e instituci3ns	Presentaci3n	2,5
TAula – Cap3tulo XV LLPSI	Texto latino	3,5
TInd – Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	
PE – Proba de traducci3n	Proba escrita	1
PE – Cuestionario sobre a rep3blica I	Aula virtual	1
TCompl – Saturnalia	Celebramos a Saturnalia na aula	0,5

**UNIDADE DIDÁCTICA 7. ALEA IACTA EST (2ª avaliación)**

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
a, i, l, g, p	CCEC CCL CSC	B5.1.	B5.1.	LA1B5.1.1.	SI	PE	CL EOE EC TIC	5
	CSC CSIEE CCEC			LA1B5.1.2.	SI	PE	CL EOE EC TIC	5
	CAA CSC			LA1B5.1.3.	SI	TInd (0,5) + PE (0,5)	CL EOE EC TIC	10
	CD CMCCT			LA1B5.1.4.	SI	TInd	CL EOE TIC	5
	CSC CSIEE CCL			LA1B5.1.5.	SI	PE	CL EOE EC TIC	10
a, c	CSIEE CSC	B5.3.	B5.4.	LA1B5.4.1.	SI	PE	CL EOE EC TIC	5
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.	B6.4.	LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	CMCCT CCL			LA1B6.4.2	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5



	CD CCL			LA1B7.1.2	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
--	-----------	--	--	-----------	-----	---	-----------	---

Tarefas	Recursos	Sesións
Expl – A república: acontecementos políticos	Presentación	4
TInd – Eixe cronolóxico da república	Formato papel ou dixital	
Tcompl – Kahoot sobre acontecementos políticos da república	Kahoot	
Capítulo XVI LLPSI	Texto latino	4
Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	
PE – Cuestionario sobre a república	Aula virtual	1
TInd – Lectura de selección de cartas de Cicerón	PortFolio	-

### UNIDADE DIDÁCTICA 8. ROMA TRADITORIBUS NON PRAEMIAT (2ª avaliación)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
h, a, p	CMCCT CCL CSC CCEE	B5.2.	B5.2.	LA1B5.2.1.	SI	PE	CL EOE EC TIC	15
	CSC CD CCL			LA1B5.2.2.	SI	PE	EOE EC TIC	15
n, p	CAA CMCCT CD CCEC		B5.3.	LA1B5.3.1.	SI	TInd (0,3) + TGr (0,7)	EOE TIC	10
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.	B6.4.	LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	CMCCT CCL			LA1B6.4.2	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesi3ns
Expl – A romanizaci3n de Hispania e da Gallaecia	Presentaci3n	2
TInd – Localizaci3n nun mapa dos principais restos arqueol3xicos da romanizaci3n de Hispania e Gallaecia	Caderno	
TGr – Presentaci3n dunha peza de museo relacionada coa romanizaci3n de Hispania e Gallaecia	Presentaci3n por parte do alumnado	2
TAula – Capítulo XVII LLPSI	Texto latino	3
TInd – Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	
PE – Proba de traducci3n	Proba escrita	1
PE – Cuestionario sobre a romanizaci3n de Hispania e Gallaecia	Aula virtual	1

### UNIDADE DIDÁCTICA 9. BIROTULA AUTOMATARIA (2ª avaliación)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
d, g, p, h	CCL CAA CMCCT	B1.4.	B1.5.	LA1B1.5.1.	SI	TInd + PE	CL EOE	10
	CCL			LA1B1.5.2.	SI	TInd + PE	EOE	10

	CMCCT CD CCEC			LA1B1.5.3.	SI	TInd	CL EC	10
a, c	CSIEE CD CSC CCL	B5.3.	B5.4.	LA1B5.4.2.	NON	TInd (lectura)	CL EOE EC TIC	10
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.	B6.4.	LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	LA1B6.4.2			NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5	
l	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesi3ns
Expl – Orixe, evoluci3n e etapas do lat3n. Palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos	Presentaci3n	3,5
TInd – Exercicios sobre palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos	Caderno	
TInd – Traballo sobre o lat3n no s3culo XXI	PortFolio	-
TAula – Cap3tulo XVIII LLPSI	Texto latino	3,5
TInd – Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	
TInd – Lectura c3mic	PortFolio	-

PE – Cuestionario sobre orixe, evolución, etapas do latín, palabras patrimoniais, cultismos e semicultismos	Proba escrita	1
---	---------------	---

### UNIDADE DIDÁCTICA 10. TANDEM VENIT AMOR... (2ª avaliación)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	TE	%
i, d, p	CD CSC CMCCT	B5.6.	B5.9.	LA1B5.9.1.	SI	TInd + PE	CL EOE EC	20
	LA1B5.9.2.			SI	TInd + PE	EOE EC	10	
g, e	CCL	B7.4.	B7.5.	LA1B7.5.1.	SI	TInd	CL EOE	10
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.		LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	CMCCT CCL			LA1B6.4.2	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesi3ns
Expl – Obras p3blicas e urbanismo I	Presentaci3n	3,5
TInd + TAula – Visualizaci3n de documental sobre obras p3blicas e realizaci3n de traballo sobre el	Video documental PortFolio	
TAula – Cap3tulo XIX LLPSI	Texto latino	3,5
TInd – Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	
TInd – Locuci3ns latinas de uso actual	PortFolio	-
PE – Proba de traducci3n	Proba escrita	1
TCompl – Mulleres destacadas na antiga Roma	Presentaci3n Debate	1

**UNIDADE DIDÁCTICA 11. UBI SOLITUDINEM FACIUNT, PACEM APPELLANT (3ª  
avaliaci3n)**

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	M3n.	Instr.	ET	%
a, i, l, g, p	CCEC CCL CSC	B5.1.	B5.1.	LA1B5.1.1.	SI	PE (0,5) + TInd (0,5)	CL EOE EC	5
	CSC CSIEE CCEC			LA1B5.1.2.	SI	PE	CL EOE EC	2,5
	CAA CSC			LA1B5.1.3.	SI	PE	CL EOE EC	10
	CD CMCCT			LA1B5.1.4.	SI	TInd	CL EOE	2,5
	CSC CSIEE CCL			LA1B5.1.5.	SI	PE	CL EOE EC	5
a, c	CSIEE CSC	B5.3.	B5.4.	LA1B5.4.1.	SI	PE	CL EOE EC	5
	CSIEE CD CSC CCL			LA1B5.4.2.	SI	PE	CL EOE EC	5
g, e	CCL	B7.4.	B7.5.	LA1B7.5.1.	SI	TInd	CL EOE	5

e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.	B6.4.	LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	LA1B6.4.2			NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5	
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesi3ns
Expl – O imperio	Presentaci3n	4
TAula – Kahoot para repaso do imperio	Kahoot	
TInd – Eixe cronol3xico sobre o imperio	Formato papel ou dixital	
TAula – Capítulo XX LLPSI	Texto latino	4
TInd – Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	
PE – Cuestionario sobre o imperio	Aula virtual	1
TInd – Locuci3ns latinas de uso actual	PortFolio	-

## UNIDADE DIDÁCTICA 12. PANEM ET CIRCENSES (3ª avaliación)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
d, p, n	CCL CAA	B1.5.	B1.6.	LA1B1.6.1.	SI	TInd	CL EOE	15

d, p	CD CSC CMCCT	B5.6.	B5.9.	LA1B5.9.1.	SI	TGr (0,5) + PE (0,5)	EOE EC TIC	15
	CMCCT CD CAA			LA1B5.9.2.	SI	TGr (0,5) + PE (0,5)	CL EOE TIC	10
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.	B6.4.	LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	CMCCT CCL			LA1B6.4.2	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesi3ns
Expl – Nocións básicas de evolución fonética, morfolóxica e semántica do latín ao galego e ao castelán	Presentación	1
TInd – Exercicios sobre evolución de termos latinos ao galego e ao castelán	Caderno	
TGr – Obras públicas e urbanismo II	Presentación por parte dos alumnos	4
TAula – Capítulo XXI LLPSI	Texto latino	3
TInd – Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	

PE – Cuestionario sobre obras públicas e urbanismo II	Aula virtual	1
---	--------------	---

**UNIDADE DIDÁCTICA 13. ARS LONGA, VITA BREVIS (3ª avaliación)**

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
n	CCEC CD	B5.5.	B5.8.	LA1B5.8.1.	SI	PE	EOE EC TIC	15
d, p	CMCCT CCL	B7.2.	B7.2.	LA1B7.2.1.	SI	TInd	CL EOE	15
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.	B6.4.	LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	LA1B6.4.2			NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5	
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesiós
Expl – Arte romana	Presentación	3
Expl – Composición e derivación culta. Lexemas, prefixos e sufixos	Presentación	1
TInd – Exercicios sobre composición e derivación culta	Caderno	
TAula – Capítulo XXII LLPSI	Texto latino	3



TInd – Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	
PE – Cuestionario sobre arte romana	Aula virtual	1
PE – Proba de tradución	Proba escrita	1

#### UNIDADE DIDÁCTICA 14. SI VIS PACEM PARA BELLUM (3ª avaliación)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
a	CSC CMCCT	B5.7.	B5.10.	LA1B5.10.1.	SI	PE (0,7) + TInd (0,3)	EOE EC CL TIC	15
d, p	CAA CCL	B7.3.	B7.3.	LAT1B7.3.1.	SI	TInd	CL EOE	5
e, p	CCL		B7.4.	LA1B7.4.1.	SI	TInd	CLS EOE	5
	CAA CD CCL			LA1B7.4.2.	SI	TInd	CL	5
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	NON	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.	B6.4.	LA1B6.4.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5
	CMCCT CCL			LA1B6.4.2	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	NON	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	SI	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	SI	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesiões
Expl – O exército	Presentación Video documental	2,5
Expl – Mantemento de elementos lingüísticos latinos	Presentación	1,5
TInd – Exercicios de recoñecemento de étimos	Caderno	
TAula – Capítulo XXIII LLPSI	Texto latino	3
TInd – Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	
TCompl – Repaso de vocabulario con Quizlet	Quizlet	1
TInd – Mapa conceptual sobre o exército	Formato papel ou dixital	-
PE – Relectio de extractos dos capítulos do LLPSI vistos en clase	Proba escrita	1

### UNIDADE DIDÁCTICA 15. O TEMPORA, O MORES! (3ª avaliación)

Obx.	C. Clave	Cont.	C. Aval.	Est. Apr.	Mín.	Instr.	ET	%
a, c	CSIEE CD CSC CCL	B5.3.	B5.4.	LA1B5.4.2.	SI	PE (0,5) + TInd (lectura) (0,5)	CL EC EOE PVIX TIC	30
g, e	CCL	B7.4.	B7.5.	LA1B7.5.1.	SI	TInd	CL EOE TIC	10
e	CCL CAA	B6.1.	B6.1.	LA1B6.1.1	SI	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	15
d, p	CAA CCL	B6.2.	B6.2.	LA1B6.2.1	SI	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	10
d, i	CAA CCL	B6.3.	B6.3.	LA1B6.3.1	SI	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5
d, e	CSC CCEC CAA	B6.4. B6.5.	B6.4.	LA1B6.4.1	SI	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE EC	5

	CMCCT CCL			LA1B6.4.2	SI	TAula (0,6) + TInd (0,4)	CL EOE	5
i	CCL	B6.6.	B6.5.	LA1B6.5.1	SI	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
	CCL		B6.6.	LA1B6.6.1	SI	TAula (0,6) + TInd (0,4)	EOE	5
e	CAA CCL	B7.1.	B7.1.	LA1B7.1.1	SI	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL	5
	CD CCL			LA1B7.1.2	SI	TAula (0,3) + TInd (0,1) + PE (0,6)	CL EOE	5

Tarefas	Recursos	Sesións
Expl – Vida cotiá: familia e educación	Presentación Video documental	3,5
TCompl – Kahoot para repaso de vida cotiá	Kahoot	
TInd – Lectura de obra antiga	PortFolio	-
TAula - Capítulo XXIV LLPSI	Texto latino	3,5
TInd - Completar os <i>pensa</i>	Aula virtual	
TInd – Locucións latinas de uso actual	PortFolio	-
PE – Proba de tradución	Proba escrita	1
PE – Cuestionario sobre vida cotiá	Aula virtual	1

## **8. Procedementos, criterios e instrumentos de cualificación**

O proceso de avaliación na materia de Latín I será continuo, e será necesario que o estudantado vaia incorporando novos coñecementos e ligándoos aos anteriormente adquiridos, de xeito que poida avanzar no dominio da lingua latina.

Ao principio do curso, no contexto da UD 1, realizaremos unha proba escrita de morfosintaxe básica que non terá peso na nota da unidade, pero que nos servirá para ter unha idea clara e obxectiva do nivel inicial do que partimos. Isto resulta de gran importancia na materia de Latín I, pois podemos atoparnos cunha situación inicial moi variada debido a que o estudantado matriculado puido cursar ou non a materia de Latín en 4º ESO. As tres primeiras unidades didácticas están enfocadas a facer un repaso xeral de morfosintaxe básica, e tamén a incluír novos coñecementos que logo se practicarán de xeito continuado até final de curso mediante o traballo cos textos do LLPSI, a partir da UD 4. Coñecendo máis polo miúdo as carencias concretas do alumnado poderemos lograr mellores resultados de aprendizaxe, incidindo naqueles aspectos que precisen maior detemento e deseñando un plan personalizado para atender os alumnos e alumnas que non cursaran Latín en 4º ESO.

O proceso de avaliación permitiranos, ao mesmo tempo, reflexionar sobre os métodos de ensinanza-aprendizaxe aplicados e valorar a súa idoneidade, procedendo a introducir as modificacións necesarias sempre a prol dunha mellor adquisición de destrezas e contidos por parte do alumnado.

### **8.1. Estándares de aprendizaxe e criterios de avaliación**

Os resultados de aprendizaxe tenderán á consecución das competencias clave, e polo tanto implicarán que o alumno ou alumna adquira unha serie de coñecementos, destrezas e habilidades ao final do seu proceso formativo. Por iso, a avaliación debe

enfocarse máis alá dos contidos adquiridos polo alumnado: de aí que teñamos definido distintos instrumentos de avaliación para cada unidade didáctica, como se recolleu anteriormente nas táboas de cada unha delas.

O idóneo sería que todo o estudiantado adquirise o máximo grao de desenvolvemento dos estándares de aprendizaxe, mais a realidade é que non todos os alumnos e alumnas son iguais e, polo tanto, o seu nivel de adquisición de competencias será diferente. Por iso, é necesario establecer un grao mínimo esixible de desenvolvemento para cada estándar:

- Menos do 50% de desenvolvemento: considérase que o estándar en cuestión non está superado
- Alomenos o 50% de desenvolvemento: considérase que o alumno ou alumna acadou un nivel mínimo de destrezas asociadas a un estándar
- O 100% de desenvolvemento: considérase que o alumno ou alumna acadou o nivel máximo de destrezas asociadas a un estándar

Nos estándares de aprendizaxe asociados ao traballo cos textos, presentes en todas as unidades didácticas a partir da número 4, considerarase que o mínimo esixible para aprobar o curso é o proporcionado pola avaliación final, na UD 15, pois logo de traballar sobre a morfosintaxe e a tradución durante todo o ano, enténdese que o estudante debería ter desenvolto o seu máximo nivel de destrezas cara o mes de xuño. En todo caso, o proceso de avaliación continua permitiranos ir vendo ao longo das distintas unidades que aspectos necesitan maior reforzo en cada caso concreto, co cal teremos marxe para proporcionar a quen o precise tarefas e explicacións complementarias enfocadas nunha máis exitosa adquisición dos mínimos esixibles.

## 8.2. Procedementos e instrumentos

A avaliación da adquisición de novas aprendizaxes non se limitará aos resultados obtidos polo alumnado nas probas escritas, senón que botaremos man de distintas metodoloxías e tamén teremos moi en conta o traballo diario na aula – lectura dos textos en voz alta, proposta de tradución, resposta a preguntas concretas de morfosintaxe –, así como a actitude que cada estudante amosa cara a materia.

Unha avaliación obxectiva e axeitada require de múltiples enfoques, polo que poñeremos en xogo variados procedementos e instrumentos para tal fin. Na planificación das unidades didácticas xa apuntamos os elementos cos que imos traballar (poden consultarse exemplos dos instrumentos de avaliación no Anexo VI):

- **Traballo individual.** Nesta categoría enmárcase todo o traballo que o alumno ou alumna realiza de xeito autónomo, e pode concretarse mediante distintos tipos de tarefas:
  - Caderno de uso diario: exercicios que se realizan a diario na aula e que os estudantes rexistran por escrito
  - Traballos subidos ao PortFolio: tarefas guiadas que os estudantes suben á carpeta de Google Drive compartida co docente. Todos os comentarios e correccións quedan rexistradas no documento.
  - Traballos entregados en formato papel: todo tipo de tarefas que se entregan para corrección e logo son devoltos aos estudantes, como poden ser eixes cronolóxicos, mapas conceptuais, mapas, boletíns de exercicios, etc.
- **Traballo en grupo:** a materia referente a temas de cultura dalgunhas unidades didácticas será desenvolvida e presentada na aula polos propios estudantes. Formaranse os grupos de xeito aleatorio, e durante algunhas sesións os

alumnos e alumnas traballarán en común utilizando todo tipo de fontes, o cal se facilitará con acceso a Internet e a todo o material dispoñible na biblioteca do centro. Posteriormente, cada grupo deberá expoñer ante os compañeiros a materia que lle tocou traballar, para o cal poderá apoiarse en todo o material TIC dispoñible na aula.

- Tráballo de aula: refírese este epígrafe á participación diaria na dinámica da aula. Será especialmente importante para o traballo cos textos, pois isto permitirá avaliar a capacidade de lectura e comprensión, así coma o nivel de asimilación de contidos morfosintácticos e tamén de cultura romana en xeral.
- Proba escrita: realizaremos dous tipos básicos de probas escritas:
  - a) Cuestionario na aula virtual: a plataforma Moodle permite elaborar cuestionarios integrados por tarefas variadas – de relacionar, completar, desenvolver por escrito, etc. – e fai posible crear probas moito máis visuais que en formato papel, porque se pode traballar con imaxes de gran calidade sen que iso supoña un gasto importante. Utilizaremos este tipo de probas para os temas de cultura e historia.
  - b) Proba escrita en papel: este formato utilizarémolo para realizar probas sobre morfosintaxe e tradución de textos.

Ademais de todos os instrumentos especificados, ao inicio de cada unidade didáctica propoñeremos unha actividade de motivación, na que presentaremos algún texto, frase ou imaxe para que os alumnos e alumnas teñan un primeiro contacto coa materia sen meternos de cheo en cuestións teóricas. Estas actividades motivadoras teñen como principal obxectivo espertar o interese e a curiosidade dos estudantes, pero servirán tamén para realizar unha avaliación de coñecementos previos a partir da observación directa na aula.

### 8.3. Criterios de cualificación

En cada unidade didáctica especificase o peso dos distintos instrumentos de avaliación. A nota final será a resultante da media das notas obtivas nas diferentes unidades didácticas, sendo 10 a máxima puntuación e 5 a mínima para considerar que a materia está aprobada. A cualificación de cada estándar de aprendizaxe recollerase no caderno de cualificacións individuais da Aula virtual.

Como pode observarse nos cadros de cada unidade, a partir da número 4 traballarase de xeito sistemático con capítulos do LLPSI. Non haberá proba escrita de tradución en cada unha das unidades, pero posto que traballamos coa aprendizaxe dunha lingua, entenderase que a avaliación é continua e que cada vez que haxa unha proba escrita, esta recollerá os contidos de morfosintaxe traballados nos capítulos das unidades anteriores.

O traballo diario na aula será un compoñente moi importante na avaliación, pois servirá para observar a motivación do alumnado, a súa implicación na materia e a súa capacidade para poñer en práctica non só os coñecementos adquiridos, senón tamén as destrezas e habilidades que se persegue desenvolver.

Nos traballos individuais terase en conta a limpeza e organización, así como a adecuación das respostas ao que se require e a redacción axeitada das mesmas.

Para os traballos en grupo, a partir da observación na aula, valorarase a capacidade de traballo en equipo. Ademais, seguiremos unha rúbrica específica para este tipo de tarefas, na que tamén se terán en conta aspectos relacionados coa exposición oral dos estudantes (Anexo VI). As rúbricas e instrumentos de avaliación estarán a disposición dos alumnos e alumnas no caderno de clase en Evernote.



Ao final de cada avaliación realizarase unha proba escrita específica para aqueles estudantes que non acadasen o desenvolvemento mínimo dos estándares de aprendizaxe nos prazos establecidos. Ademais, todos aqueles que non superasen o curso ou algunha das avaliacións, terán a oportunidade de recuperar a materia en xuño. Por último, a comezos do mes de setembro levarase a cabo unha convocatoria extraordinaria na que se avaliarán os contidos de todo o curso mediante unha única proba escrita.

## **9. Medidas de atención á diversidade e ao ACNEAE e NEE**

A atención á diversidade nas aulas non se limita ao reforzo daqueles alumnos e alumnas que presentan algunha dificultade na aprendizaxe, senón que, tal e como recolle o Decreto 229/2011, consiste en deseñar medidas e accións para lograr que o proceso de educación se axuste ás distintas características do alumnado, o cal implica atender os distintos ritmos de aprendizaxe, motivacións, capacidades, etc.

Un primeiro paso para lograr esta adecuación é concibir a programación didáctica como un documento vivo, modificable, dentro do que se poida adaptar a temporalización das unidades a distintas necesidades relacionadas cos ritmos de aprendizaxe individuais e colectivos.

O centro educativo dispón, á súa vez, dun Plan de Atención á Diversidade no que se recollen todo tipo de medidas de adaptación: desdobres, apoio con persoal docente especializado en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, aulas de atención educativa e convivencia, etc. O primeiro paso é detectar aqueles alumnos e alumnas que precisan dunha atención especializada, e para iso realízase no mes de outubro unha avaliación inicial en cada grupo. Logo réunese o equipo educativo e acórdanse os criterios e prioridades de intervención. Dentro dos alumnos con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) inclúense rapaces con dificultades específicas de aprendizaxe (DEA), con trastorno e déficit de atención e hiperactividade (TDAH), con altas capacidades, con necesidades educativas especiais (NEE) ou que tiveron unha incorporación tardía ao sistema educativo.

Os rapaces con necesidades educativas especiais (NEE) presentan discapacidades e trastornos graves de conduta que requiren dun apoio especializado e que adoitan precisar unha adaptación curricular individualizada (ACI), que en ocasións implica a

eliminación de determinados estándares de aprendizaxe e que requerirá do apoio e a intervención do profesorado de PT. Os alumnos e alumnas con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) que non se atopan neste suposto requiren adaptacións metodolóxicas que normalmente non afectan a nivel curricular, senón que se centran en priorizar determinados estándares de aprendizaxe e que seguen os mesmos criterios de promoción que os demais compañeiros de nivel.

En todo caso, seguiremos as indicacións propostas polo Departamento de Orientación e informaremos, de ser o caso, da detección de calquera tipo de dificultade na aprendizaxe que puidese xurdir ao longo do curso.

A nivel xeral, para prestar atención aos distintos ritmos de aprendizaxe presentes na aula, propoñeremos sempre tarefas de reforzo guiadas aos alumnos e alumnas que o precisen, e a través do caderno de clase en Evernote ofreceremos posibilidades de ampliación de coñecementos para aqueles estudantes que amosen un maior interese pola materia, evitando que caian nunha falta de motivación.

No caso de estudantes repetidores ou que non acadaron o nivel mínimo esixible nalgunha unidade didáctica ou avaliación, implementaremos todas as actividades de reforzo pertinentes para facilitar que adquiren o nivel mínimo e poidan superar o curso con éxito, realizándolles probas de avaliación extraordinarias, como xa apuntamos no apartado correspondente.

O caderno de aula con Evernote será de vital importancia para un bo seguimento das actividades de reforzo e ampliación, pois mediante esta ferramenta o alumnado terá acceso continuo a tarefas, blogs, sitios de interese, curiosidades sobre a materia, etc., podendo reforzar e ampliar coñecementos de acordo co seu ritmo de aprendizaxe e cos seus propios intereses persoais. Estaremos sempre atentos á demanda

específica de cada grupo e de cada alumno en particular, buscando que a experiencia educativa sexa o máis satisfactoria posible para todos.

## 10. Plan Lector

No centro existe un plan de fomento da lectura do que forman parte os distintos departamentos. Trátase de que o alumnado adquira maiores destrezas relacionadas coa lectura e a comprensión, facendo uso da biblioteca de aula e da biblioteca do centro como un espazo máis de traballo no que tamén se pode atopar material de lectura para as horas de lecer.

No contexto concreto da materia de Latín I propoñeranse tres lecturas obrigatorias, que se distribuirán en cadansúa avaliación. Os estudantes terán que escoller:

- 1ª avaliación, puntúa na UD5: novela ambientada na Roma antiga, sexa completa ou parcialmente, segundo a extensión. Por exemplo, *La casa de las vestales*, Steven Saylor; *Pompeya*, Robert Harris; *Las legiones malditas*, Santiago Posteguillo.
- 2ª avaliación, puntúa na UD9: un cómic de ambientación romana. Por exemplo, das series de *Astérix e Obélix*, *Murena* ou *Las Águilas de Roma*.
- 3ª avaliación, puntúa na UD15: unha obra traducida dalgún autor latino, completa ou parcialmente, segundo a extensión. Por exemplo, *Sátiras*, Persio; *Eneida*, Virxilio; *Metamorfoses*, Ovidio.

Na biblioteca do centro e tamén na biblioteca de aula os estudantes terán exemplares variados entre os que escoller, podendo traer eles algún outro título da casa ou dunha biblioteca externa se así o prefiren. Ao rematar a lectura, os alumnos subirán á carpeta de Drive unha ficha de lectura cuxo modelo lles será facilitado previamente (Anexo VI).

## 11. Elementos transversais

A Orde ECD/65/2015 establece no seu Art. 4 algúns elementos transversais que serán de obrigado tratamento na aula. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional deben traballarse en todas as materias. Asemade, desde a aula debe promoverse a aprendizaxe da prevención e a resolución pacífica de conflitos, e incidir nos valores de liberdade, xustiza, igualdade, pluralidade política, paz, democracia, respecto aos dereitos humanos e igualdade de sexos, así como no rexeitamento a todo tipo de violencia e no respecto da liberdade sexual. Ademais, as actividades que se realicen deberán afianzar o espírito emprendedor, a creatividade, a autonomía, a capacidade de iniciativa, o traballo en equipo e o sentido crítico.

Por outra banda, dende a ONU téñense establecido uns Obxectivos de Desenvolvemento Sostible no contexto da Axenda de desenvolvemento sostible 2030, e o ODS número 4 céntrase en conseguir unha educación de calidade. Este concepto liga a educación ao desenvolvemento sostible, buscando que os cidadáns de todo o mundo se formen nas capacidades e competencias que fagan posible un desenvolvemento sostible. A UNESCO prioriza catro competencias clave para o desenvolvemento sostible: a análise crítica, a reflexión sistémica – comprender a realidade como un sistema dinámico integrado por diversos factores –, a toma de decisións colaborativa e o sentido de responsabilidade cara as xeracións presentes e futuras. Estas competencias inclúen coñecementos, habilidades e actitudes variados, mais tamén poñen en xogo a intelixencia emocional, aspecto ao que debe darse cabida na aula (Murga Menoyo, 2015). Trataremos de fomentar no contexto de Latín I todos estes elementos para lograr unha experiencia educativa máis completa, na

que os alumnos e alumnas sexan capaces de proxectar as aprendizaxes relacionadas co mundo antigo sobre a sociedade e o mundo de hoxe en día.

Por outra parte, hai que ter en conta que os elementos transversais non só se transmiten a través dos contidos, senón que o propio docente, coas súas accións e actitudes, os traslada de xeito inconsciente ao alumnado – o coñecido como ‘currículo oculto’ –, polo que debemos prestar atención a todo o que dicimos e facemos no interior da aula.

Na materia de Latín I, a nivel de contidos, o estudo da civilización latina a través dos textos e das súas variadas manifestacións culturais permitirá ao estudante reflexionar de xeito crítico sobre todas estas cuestións transversais, establecendo comparacións entre as concepcións sociais da antiga Roma e as actuais. Por exemplo, a belicosidade que se desprende da expansión do Imperio romano servirá para reflexionar sobre o concepto de paz e os enfrontamentos violentos; do mesmo xeito, aprender sobre a diferenza de clases sociais, sobre as relacións entre distintos pobos e razas ou sobre a situación da muller na antiga Roma, dará pé a reflexionar sobre distintos conceptos de igualdade.

A expresión oral e escrita e a comprensión lectora exercítanse a diario na aula, posto que o principal elemento de traballo son os textos. As TIC e a comunicación audiovisual serán tamén de uso moi frecuente; apoiaremos as explicacións con presentacións de PowerPoint, visualizaremos vídeos e documentais para ilustrar algúns aspectos – por exemplo, sobre a educación e a vida da muller na antiga Roma –, utilizaremos o teléfono móbil para participar en xogos e eventos educativos – Kahoot, Pipiatío latina – e aprenderemos a utilizar ferramentas informáticas aplicadas á aprendizaxe do latín – Quizlet, Aula virtual –.

O clima que xeremos na aula contribuirá a desenvolver os valores e actitudes relacionados cos elementos transversais. A proposta de tarefas en equipo axudará aos alumnos a traballar a capacidade de liderado, así como a respectar os dereitos dos demais, a non discriminar a ningún compañeiro e a resolver de xeito pacífico calquera conflito que poida xurdir. Ademais, fomentárase deste xeito a igualdade de xénero ao crear grupos de traballo mixtos, nos que non se faga ningún tipo de diferenciación entre rapaces e rapazas. A empatía e a educación emocional entrarán en xogo en todo momento, tanto nos traballos en grupo como na dinámica diaria de clase, posto que se levará a cabo unha aprendizaxe colaborativa na que todos deberán participar para traducir e interpretar textos. Por outra banda, incentivarase a diario a capacidade de pensamento crítico, invitando os alumnos a reflexionar sobre as cuestións que se expoñan e creando o ambiente axeitado para un debate respectuoso e organizado en torno a distintos aspectos.

Deste xeito, traballaremos á vez diversos elementos transversais que contribúen á formación do estudante para a súa vida nunha sociedade democrática que debe evolucionar cara o desenvolvemento sostible, facendo que os rapaces tomen conciencia da súa pertenza a un sistema local pero tamén global, no que a responsabilidade individual e a capacidade para colaborar cos demais son esenciais.



## **12. Actividades curriculares complementarias e extraescolares**

Ao longo do curso realizaranse varias actividades complementarias relacionadas coa aprendizaxe do latín e de diversas cuestións sobre cultura romana. No mes de marzo, os alumnos e alumnas participarán no Concurso Odisea, organizado pola Sociedade Española de Estudos Clásicos. Tamén escribirán pequenos textos en latín con ocasión da Pipiatio Latina.

No desenvolvemento das clases contaremos tamén con actividades complementarias relacionadas coa gamificación, pois utilizaremos a aplicación Kahoot para facer repaso xeral de contidos de historia e cultura romanas na última sesión antes de realizar a correspondente proba escrita.

A actividade extraescolar proposta para este curso será a asistencia ao festival de teatro grecolatino Lugo-Ourense, organizado pola Sección Galega da Sociedad Española de Estudos Clásicos.

### **13. Avaliación da programación**

O proceso educativo debe ser necesariamente avaliado, pois iso permitirá levar un control de calidade de todos os elementos implicados no mesmo. Así, deberemos avaliar o proceso de aprendizaxe por parte do alumnado e tamén a práctica docente, o cal incúe dende a programación anual até os elementos implicados no desenvolvemento de cada sesión.

Un primeiro indicador que debemos ter en conta é o grao no que os estudantes asimilan os contidos propostos en cada unidade, para o cal nos será útil recorrer ao caderno individual de cualificacións. Tamén é importante que os propios alumnos e alumnas cubran ao final de cada unidade didáctica un breve e sinxelo cuestionario no que poidan valorar a súa satisfacción co proceso de ensinanza-aprendizaxe; esta avaliación realizada ao longo do curso daranos marxe para poder introducir cambios na planificación e nos métodos utilizados, de xeito que poidamos optimizar todo o proceso e os medios de traballo (ver Anexo VII).

O diario do profesor, que irei completando cada xornada, tamén vai proporcionar datos importantes para avaliar os distintos indicadores de logro, xa que nel se rexistran todas as incidencias do día a día, así como a adecuación dos tempos programados e das tarefas proxectadas.

Por último, a posta en común con outros compañeiros nas xuntas de departamento será unha ferramenta eficaz para detectar carencias no proceso e para atopar solucións a problemáticas que poidan xurdir.

A recompilación de todos estes datos levarémola a cabo mediante rúbricas e escalas con indicadores de logro, tal e como se recolle no Anexo VII.

## Conclusión

O deseño dunha programación didáctica non se limita a planificar actividades, explicacións e tempos de desenvolvemento para o proceso de ensinanza–aprendizaxe, senón que leva asociada unha profunda reflexión acerca de como converter dito proceso nun camiño ilusionante e atractivo para o alumnado.

Ese é, precisamente, o obxectivo fundamental que perseguimos coa programación aquí presentada: ser capaces de transmitir aos rapaces e rapazas que decidan cursar Latín as ansias de saber, ser quen de estimular a súa curiosidade e proporcionarlles todas as ferramentas para que poidan achegarse á civilización e á linguaxe dos antigos romanos coa maior solvencia posible. Que se aproximen, en definitiva, ás raíces, ao xerme da nosa sociedade e do noso modo de vida, e que comecen a mirar aos antigos como aquilo que foron: seres humanos, noutro tempo e lugar, con distintas condicións de vida, pero coas mesmas inquedanzas que nos invaden hoxe en día.

## Bibliografía citada e de referencia básica

Ausubel, David P. (1998), *Psicología educativa. Un punto de vista cognoscitivo*, México: Trillas.

Bassols de Climent, M. (1992), *Sintaxis latina*, Madrid: CSIC.

Bruner, J. (1972), *Hacia una teoría de la instrucción*, México: Unión tipográfica editorial hispano americana (Uteha).

Ferro, X., Miramontes, A., Sande, C., Souto, X. (1989), *Latín, de onte a hoxe. II BUP*, Vigo: Edicións Xerais de Galicia.

Gardner, H. (1995), *Inteligencias múltiples. La teoría en la práctica*, Barcelona: Paidós.

Grimal, P. (2007), *La civilización romana*, Barcelona: Paidós.

Gosciny, R., Molin, B.-P. (2018), *Astérix. Las citas latinas explicadas*, Madrid: Salvat.

Murga Menoyo, M.A. (2015), "Competencias para el desarrollo sostenible: las capacidades, actitudes y valores meta de la educación en el marco de la Agenda global post-2015", *Foro de Educación*, 13 (19), 55-83.

Ørberg, Hans H. (2003), *Lingua latina per se illustrata. Pars I, familia romana*, Dinamarca: Domus Latina.

Roldán Hervás, J.M. (2005), *Historia de Roma*, Salamanca: Ediciones Universidad de Salamanca.

Varios (2002), *Latín I, Primeiro curso de Bacharelato*, A Coruña: Rodeira – Grupo Edebé.